

INSTRUCCIÓN PARA A RESERVA DE PRAZA EN CENTRO DE ADSCRICIÓN. CURSO 2023/2024

O prazo de presentación de solicitudes será desde o 16 de xaneiro ata o 6 de febreiro. As solicitudes tramitaranse a través da aplicación www.edu.xunta.gal/admisionalumnado.

As familias poderán cumprimentar as solicitudes de reserva de xeito manual empregando o formulario en papel ou a través da aplicación no menú:

Solicitudes > Reserva > Crear

Esta solicitude deberase presentar no centro educativo de orixe ou en calquera dos lugares que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, incluída a Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/detalleprocedemento?codtram=ED550A>), para o que se precisará de Chave365 ou certificado dixital, sendo esta a canle preferible de presentación.

O comportamento da aplicación depende de se se cubre a solicitude estando identificado ou non.

1. Usuarios sen identificar

Unha vez introducidos todos os datos, deberá premer no botón Crear aparecendo a seguinte mensaxe para poder descargar a [solicitude](#) e o [anexo I Bis](#) que deberá presentar no centro. Tamén poderá imprimir o xustificante co código da solicitude.

Código e estado da solicitude

Código da solicitude: 3260713297 [prema aquí se desexa imprimir o código de solicitude](#)
Estado da solicitude: A solicitude está gravada. Pendente de rexistrar no centro.

[Descarga O PDF Da Solicitude](#) [Descarga O PDF Do Anexo Bis](#)

2. Usuarios identificados

Unha vez gravada a solicitude na aplicación, aparecerán as opcións para presentar e asinar a solicitude na sede electrónica ou para descargar o informe (solicitude) e presentalo no centro educativo.

Código e estado da solicitude

Código da solicitude: 0080711845 [prema aquí se desexa imprimir o código de solicitude](#)
Estado da solicitude: A solicitude está gravada. Pendente de rexistrar no centro.

[Presentación E Sinatura En Sede Electrónica](#) [Xerar Informe Para Imprimir](#)